D2	Línea aérea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV	Doble Circuito	38,966	22,407	0,974	1,120	0,560
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D3	Línea aérea de alta tensión. Tensión 24 kV ≥ U > 17,5 kV	Triple Circuito	45,110	25,940	1,128	1,297	0,649
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D4	Línea aérea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV	Simple Circuito	26,378	17,196	0,659	0,860	0,430
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D5	Línea aérea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV	Doble Circuito	35,068	22,861	0,877	1,143	0,572
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D6	Línea aérea de alta tensión. Tensión 17,5 kV ≥ U > 12 kV	Triple Circuito	40,598	26,466	1,015	1,323	0,662
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D7	Línea aérea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV	Simple Circuito	23,452	15,459	0,586	0,773	0,386
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D8	Línea aérea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV	Doble Circuito	31,176	20,551	0,779	1,028	0,514
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2
D9	Línea aérea de alta tensión. Tensión 12 kV ≥ U ≥ 1 kV	Triple Circuito	36,092	23,792	0,902	1,190	0,595
			Euros/ml	Euros/m2	Euros/ml	Euros/m2	Euros/m2

GRUPO II. LÍNEAS SUBTERRÁNEAS DE ALTA TENSIÓN				
TIPO	INSTALACION	CONFIGURACIÓN (NÚMERO DE CIRCUITOS)	BASE IMPONIBLE (Euros/ml) [H=GxC]	TARIFA Base imponible x Tipo impositivo (5%) (Euros/ml) [K=H*5/100]
A1	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $U \geq 400$ Kv	Simple Circuito	444,741	22,237
A2	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $U \geq 400$ Kv	Doble Circuito	864,748	43,237
A3	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $400 > U \geq 220$ Kv	Simple Circuito	444,741	22,237
A4	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $400 > U \geq 220$ Kv	Doble Circuito	86,248	4,312
B1	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $220 \text{Kv} > U > 123$ Kv	Simple Circuito	352,885	17,644
B2	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $220 \text{Kv} > U > 123$ Kv	Doble Circuito	589,443	29,472
B3	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $220 \text{Kv} > U > 123$ Kv	Triple Circuito	772,800	38,640
B4	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $123 \text{ kV} \geq U > 72,5$ kV	Simple Circuito	332,329	16,616
B5	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $123 \text{ kV} \geq U > 72,5$ kV	Doble Circuito	554,980	27,749
B6	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $123 \text{ kV} \geq U > 72,5$ kV	Triple Circuito	727,784	36,389
B7	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $72,5 \text{ kV} \geq U > 52$ kV	Simple Circuito	200,641	10,032
B8	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $72,5 \text{ kV} \geq U > 52$ kV	Doble Circuito	335,062	16,753
B9	Línea subterránea de alta tensión. Tensión $72,5 \text{ kV} \geq U > 52$ kV	Triple Circuito	565,785	28,289

GRUPO II. LÍNEAS SUBTERRÁNEAS DE ALTA TENSIÓN				
TIPO	INSTALACION	CONFIGURACIÓN (NÚMERO DE CIRCUITOS)	BASE IMPONIBLE (Euros/ml) [H=GxC]	TARIFA Base imponible x Tipo impositivo (5%) (Euros/ml) [K=H*5/100]
C1	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 52 kV \geq U > 36 kV	Simple Circuito	181,533	9,077
C2	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 52 kV \geq U > 36 kV	Doble Circuito	303,152	15,158
C3	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 52 kV \geq U > 36 kV	Triple Circuito	511,902	25,595
C4	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 36 kV \geq U > 24 kV	Simple Circuito	67,984	3,399
C5	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 36 kV \geq U > 24 kV	Doble Circuito	113,525	5,676
C6	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 36 kV \geq U > 24 kV	Triple Circuito	148,871	7,444
D1	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 24 kV \geq U > 17,5 kV	Simple Circuito	59,118	2,956
D2	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 24 kV \geq U > 17,5 kV	Doble Circuito	98,719	4,936
D3	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 24 kV \geq U > 17,5 kV	Triple Circuito	129,454	6,473
D4	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 17,5 kV \geq U > 12 kV	Simple Circuito	53,207	2,660
D5	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 17,5 kV \geq U > 12 kV	Doble Circuito	88,848	4,442
D6	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 17,5 kV \geq U > 12 kV	Triple Circuito	116,510	5,826
D7	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 12 kV \geq U \geq 1 kV	Simple Circuito	47,297	2,365
D8	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 12 kV \geq U \geq 1 kV	Doble Circuito	78,978	3,949
D9	Línea subterránea de alta tensión. Tensión 12 kV \geq U \geq 1 kV	Triple Circuito	103,566	5,178

GRUPO II. GAS E HIDROCARBUROS			
TIPO	INSTALACIÓN	BASE IMPONIBLE (Euros/unidad de medida) [H=GxC]	TARIFA Base imponible x Tipo impositivo (5%) (Euros/ml) [K=H*5/100]
A	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro D≤4 pulgadas	24,748	1,237
		euros/mL	euros/ml
B	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 4<D≤8 pulgadas	74,157	3,708
		euros/mL	euros/ml
C	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 8<D≤12 pulgadas	123,477	6,174
		euros/mL	euros/ml
D	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 12<D≤16 pulgadas	172,856	8,643
		euros/mL	euros/ml
E	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 16<D≤20 pulgadas	222,176	11,109
		euros/mL	euros/ml
F	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 20<D≤25 pulgadas	271,555	13,578
		euros/mL	euros/ml
G	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 25<D≤30 pulgadas	320,875	16,044
		euros/mL	euros/ml
H	Un metro de canalización de gas o hidrocarburos de diámetro 30<D pulgadas	370,195	18,510
		euros/mL	euros/ml
I	Una instalación de impulsión o depósito o tanque gas o hidrocarburos de hasta 10 m3.	3177,948	158,897
		euros/ud	euros/ud
J	Una instalación de impulsión o depósito o tanque gas o hidrocarburos de 10 m3 o superior.	15889,741	794,487
		euros/ud	euros/ud

Negueira de Muñiz, 17 de agosto de 2022.- O alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 2359

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DA IMPOSICIÓN E DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA NO CONCELLO DE NEGUEIRA DE MUÑIZ

Unha vez rematado o prazo de exposición ao Público sen que se teña presentado reclamación algunha, resulta elevado a definitivo o acordo provisional do Pleno deste Concello do día 7 de xullo de 2022, alusivo a aprobación e imposición da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por distribución de auga, cuxo texto íntegro faise público para xeral coñecemento.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENTRONQUE DE LIÑAS, COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES, DO CONCELLO DE NEGUEIRA DE MUÑIZ.

De acordo co disposto no art. 40 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, as administracións titulares dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración esixirán os tributos que lles correspondan de acordo co previsto na normativa que lles é de aplicación e tendo en conta o principio de recuperación de costes dos servizos relacionados coa auga, incluídos os costes medioambientais. Por elo, en relación co canon de auga establecido na lei antedita, e de acordo co exposto no seu art 40.3, onde se afirma que a aplicación de taxas pola prestación de servizos relacionados co ciclo da auga correspóndelle en cada caso á administración que realice efectivamente o servizo, o Concello de Negueira de Muñiz elabora a presente ordenanza.

Artigo 1.-Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladoras das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por distribución de auga, incluídos os dereitos de entronque de liñas, colocación e utilización de contadores, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas no previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

Artigo 2.-Feitos imponible

Está constituído pola actividade municipal desenvolvida con motivo da distribución de auga potable a domicilio, e o entronque de liñas á rede xeral.

Artigo 3.-Obriga de contribuír

Recaerá sobre o solicitante dos servizos ou sobre o suxeito pasivo obrigado á súa aceptación, titular do inmovible ou usuario del, ou os seus representantes legais. A obriga de contribuír nacerá no momento de presentarse o servizo previa a correspondente solicitude ou dende que se utilice éste sen obter a preceptiva autorización, debendo depositarse previamente o pago correspondente ó entronque e contadores.

Artigo 3.-Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos a que se refire esta Ordenanza. Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais ós que se provean do servizo, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios ou usuarios do servizo.

Artigo 4.-Base imponible e liquidable

A base do presente tributo estará constituída por:

- 1.- No subministro ou distribución de augas, os metros cúbicos de auga consumidos no inmovible onde estea instalado o servizo. Ao non dispoñer de contadores, o cálculo da base imponible se realizará mediante os métodos de estimación obxectiva contemplada na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia.
- 2.- Nas acometidas á rede xeral, o feito da conexión á rede por casa, local comercial, vivenda individual.

Artigo 5.- Cotas tributarias:

5.1.- Polo consumo de auga

Tipo de gravame, tramos de consumo, cota fixa e cota variable (art. 53 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia).

O tipo de gravame para usos domésticos e asimilados se determinará en función do número de persoas que habitan as vivendas e en función do volume de auga consumido, segundo os tramos de volume indicados na táboa seguinte:

TRAMOS	Consumo			
	2	3	4	5
1º	16	24	32	40
2º	32	48	64	80
3º	64	96	128	160
4º	>64	>96	>128	>160

Aplicación dunha cota fixa de 1,54 € por contribuínte e mes

Aplicación ao consumo habido dunha cota variable en función do tramo en que se atope dito consumo, segundo o indicado na táboa que segue:

TRAMOS	Cota Variable
1º	0
2º	0,29
3º	0,37
4º	0,42

O consumo diario por habitante se establece en 151 litros, segundo o establecido na Lei Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia.

5.2.- Polas acometidas á rede xeral:

Os dereitos de acometida a satisfacer por unha soa vez e no momento de efectuar a petición, serán de 90,00 euros por cada vivenda e local comercial.

Artigo 6.-Exencións, reducións e demais beneficios legalmente aplicables.

De conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, non se recoñece beneficio tributario algún, agás os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou Acordos Internacionais, ou os expresamente previstos en normas con rango de Lei.

NORMAS DE XESTIÓN

Artigo 7.-

1. Os locais comerciais, así como as industrias, están obrigados a poñer contador individual, con toma anterior ó contador xeral da vivenda, nun prazo de tres meses, contados a partir da entrada en vigor da presente Ordenanza.

2. A acometida de auga á rede xeral será solicitada individualmente por cada vivenda, polo que será obrigatoria a instalación dun contador individualizado. A dita solicitude será presentada no Concello.

3. Os solicitantes de acometida de entronque, farán constar o fin ao que destina a auga, Calquera infracción ou aplicación diferente de aquela para a que se solicitou inicialmente, será castigada cunha multa na cantidade que acorde o Concello, sen prexuízo de retirarlle o subministro de auga.

4. Cando o solicitante de acometida de auga efectuase a súa solicitude en data posterior á que deberá facelo, satisfará como dereito de entronque o 200 % do importe que lle correspondería aboar por cada entronque.

Artigo 8.-

A solicitude de prestación do servizo de auga, calquera que sexa o uso ó que se destine, farase mediante a oportuna petición de alta e subscripción á póliza de abono, na que o interesado declarará nome, apelidos, razón social, domicilio, NIF ou CIF, fin e uso ó que se destinará a auga, establecemento ou predio, e demais datos complementarios para o perfecto coñecemento e determinación do servizo que se pretende.

As peticións levarán implícito o compromiso do concesionario de cumprir as disposicións consignadas na presente ordenanza.

O contrato da subministración se entenderá vixente ata que sexa formulada a baixa correspondente no servizo de augas. Na subministración para obras, a duración do contrato rexerá polo período da licenza de obras correspondente.

Artigo 9

Cando o abonado teña a condición de arrendatario ou titular de calquera outro dereito de uso, o propietario ou o usufrutuario das vivendas ou locais arrendados ou cedidos poderán acudir ó Concello e formalizar a baixa no servizo municipal de subministración de auga potable cando teña coñecemento de que o arrendatario ou usuario non cumpriu co preceptuado no parágrafo anterior.

O propietario ou o usufrutuario, segundo os casos, na súa condición de substituto do contribuínte, estará obrigado ó pagamento das cantidades facturadas á vivenda ou local por consumos realizados unha vez

abonados os inmobles polos arrendatario ou os titulares de dereitos de uso, para o que terá que comunicarllo ó servizo de augas calquera cambio de arrendamento ou de actividade.

Artigo 10

Ningún aboado pode dispoñer de auga máis que para aquilo que lle foi concedida, agás causa de incendio, con obriga de poñelo en coñecemento do concello ou servizo de augas dentro das vinte e catro horas seguintes do sinistro.

Artigo 11

Os gastos que ocasione a renovación de tubaxes, reparación de minas, pozos, mananciais, consumo de forma, etc, serán cubertos polos interesados.

Artigo 12

Todas as obras para conducir a auga da rede xeral á toma do aboado, serán de conta deste. Non obstante, realizarase baixo a dirección municipal e na forma que o Concello indique.

Artigo 13

O Concello, por providencia do señor alcalde, pode sen outro trámite cortar o subministro de auga a un aboado, cando negue a entrada ó domicilio para o exame das instalacións, cando ceda a título gratuito e onerosamente a auga a outra persoa, cando non pague puntualmente as cotas de consumo, cando existe rotura de precintos, selos ou outra marca de seguridade posta polo Concello, así como "limitadores de subministro dun tanto alzado". Todas as concesións responden a unha póliza ou contrato suscrito polo particular e o Concello que se fará por duplicado exemplar.

Artigo 14.

O corte da acometida por falta de pago, levará consigo ó rehabilitarse o pago dos dereitos de nova acometida.

Artigo 15

O devengo da taxa por consumo de auga terá carácter trimestral e estarán obrigados ó seu pago todos os suxeitos pasivos que figuren como titulares ó comezo de cada período facturado. No caso de alta, baixa ou cambio de titularidade, as cotas trimestrais resultantes ratearanse por días naturais e devengarase ó producirse a lectura do contador.

O devengo polo resto das actuacións prodúcese no momento de aprobarse as correspondentes liquidacións individuais.

As cotas periódicas resultantes da aplicación da taxa polo consumo de auga serán obxecto de liquidación nun documento cobratorio único, xunto coas taxas periódicas polos servizos da rede de sumidoiros e de recollida domiciliar de lixo.

As cotas conxuntas de auga, recollida de lixo e rede de sumidoiros, que non se fixesen efectivas en período voluntario, pasaranse ó cobro en vía de constrinximento. Pola mesma vía, como garantía e defensa do servizo público, senón se puidera efectuar a notificación persoal, por resultar descoñecido o domicilio do debedor, procederase ó corte do servizo de abastecemento de auga.

As cotas lexitimamente impostas en virtude desta ordenanza que non se puidesen facer efectivas en período voluntario ou ós dous meses de iniciarse o procedemento executivo darán lugar á suspensión e corte do servizo de auga, con baixa do interesado como abonado, quedando este inhabilitado para renovar a concesión ata tanto non pague a súa débeda tributaria.

Artigo 16

No caso de que por escaseza de caudal, augas sucias, secas, xeadas, reparacións, etc., o Concello tivera que suspender total ou parcialmente o subministro, os aboados non terán dereito a reclamación algunha, nin indemnización por danos, prexuízos ou calesquera outros conceptos, entendéndose neste sentido que a concesión se fai a título precario.

Artigo 17

Para o debido coñecemento e control dos consumos que realicen os usuarios, instalaranse contadores debidamente homologados dos que se farán lecturas periódicas e, en todo caso, polo menos cada tres meses ós efectos de cobramento.

O concello resérvase o dereito de comprobar cando o considere oportuno todo aparello-contador do que se estime que o seu funcionamento é dubidoso.

Cando ó concesionario se lle notifique que o contador da súa propiedade se atopa en malas condicións de funcionamento, disporá dun espazo de tempo de quince días hábiles para a súa reparación, ou a substitución por outro debidamente verificado.

No caso de paralización dun contador ou desarranxo ou avaría tal que as súas indicacións non poidan servir de base para unha medición, liquidarase o consumo conforme a igual período do ano anterior. Se non existise este dato tomarase o do trimestre anterior.

Artigo 18

1. Serán responsables solidariamente das obrigas tributarias establecidas nesta Ordenanza toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, todas as sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarios das infraccións cometidas neste réxime de tributación.

2. Os coparticipes ou cotitulares das herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición e responderán solidariamente e en proporción as súas respectivas participación das obrigas tributarias de ditas entidades.

3. Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da débeda tributaria en caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores de aqueles que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia, para o cumprimento das obrigas tributarias infrinxidas, consentirán no incumprimento por quenes dependan de eles ou adopten acordos que fixeran posible as infraccións. Asemade, tales administradores responderán subsidiariamente das obrigas tributarias que estean pendentas de cumprimentar polas persoas xurídicas que cesaran nas súas actividades.

4. Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigas tributarias devengadas con anterioridade a ditas situación e que sexan imputables ós respectivos suxeitos pasivos.

Artigo 20.-Infraccións e sancións tributarias

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

Disposición Final

Unha vez se efectúe a publicación do texto íntegro da presente ordenanza no Boletín Oficial da Provincia entrará en vigor, con efectos do 1 de xaneiro de 2023, continuando a súa vixencia hasta que se acorde a súa modificación ou derogación.

Negueira de Muñiz, 17 de agosto de 2022.- O alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 2360

A PASTORIZA

Anuncio

EXPEDIENTE 545/20222

ASUNTO: SELECCIÓN CONSERXE COLEXIO

BASES QUE DEBEN REXER A CONVOCATORIA E O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA DUN POSTO DE CONSERXE NO CONCELLO DA PASTORIZA, PERSOAL LABORAL TEMPORAL

1.- NORMAS XERAIS

1.1.- Obxecto: O obxecto da presente convocatoria é a provisión, con carácter temporal (ata a cobertura definitiva da praza e, en todo caso, cunha duración máxima de tres anos) e a través de concurso – oposición, dun posto de conserxe para o colexio da Pastoriza

1.2.- Normas de aplicación: As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas polo establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 13 de xuño; no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outono, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG); no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, e no non previsto nel, no Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables

1.3.- Sistema de selección: o sistema de selección dos aspirantes será o de concurso oposición.

2.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA, FUNCIÓNS E XORNADA DE TRABALLO

2.1.- A praza obxecto de convocatoria está clasificada como persoal laboral fixo no Anexo de persoal do concello da Pastoriza. É preciso proceder á cobertura temporal da mesma ata a aprobación da OEP correspondente posto que a persoa que a ocupaba causou baixa por xubilación.

2.2.- Funcións

As funcións serán as seguintes: vixiar a entrada e saída de persoas no colexio informar e atender o público, recibir, clasificar e distribuír documentos, obxectos que a tales efectos lles sexan encomendados, realizar os traslados e montaxe de material, mobiliario e enseres que foran necesarios, realizar os encargos relacionados co servizo que se lles encomenda, dentro ou fora das dependencias do colexio, manexar máquinas reprodutoras, multicopistas, fotocopiadoras, encadernadoras e outras análogas, apertura e peche das instalacións do centro, reparacións básicas de mobiliario e instalacións, prestar axuda en todos aqueles actos extraordinarios a celebrar nos mesmos e en calquera outra actividade semellante de colaboración ou axuda para a boa marcha das actividades que se desenrolen.

As funcións detalladas teñen un carácter enunciativo podendo serlle asignadas calquera outras propias da súa categoría profesional

2.3.- Xornada de traballo: Xornada completa ou partida, nos horarios que determinen os departamentos de Cultura ou Educación.

3. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para participar nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP e Art 50 e 52 da LEPG, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

- a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 50 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condicións de obtela antes do remate de presentación de instancias, do nivel de formación equivalente a Educación Primaria ou Certificado de Escolaridade. As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán aportar a documentación que acredite a súa homologación pola Administración educativa competente na materia.
- e) Non atoparse separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f) O coñecemento do idioma galego acreditarase mediante diploma, Celga 2 ou equivalente, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, e, no seu defecto, mediante proba escrita que se lle realizará o aspirante. Esta proba consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega.
- g) Estar en posesión do carné de conducir tipo B.
- h) Non ter antecedentes por delitos de natureza sexual, de conformidade coa LO 1/1996 de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015.

4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais, para a praza que se opte dirixiranse ao Sr. Alcalde- Presidente do Concello da Pastoriza, presentaranse no Rexistro Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **sete días naturais** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A solicitude deberá ir acompañada por:

- Solicitude de participación do Anexo I das bases.
- Copia autenticada do NIF ou, no seu caso, pasaporte.
- Copia autenticada do certificado de escolaridade ou titulación equivalente.

- Copia autenticada do permiso de conducir.
- Documentación acreditativa dos méritos que se aleguen a efectos de valoración na fase de concurso.
- Certificado negativo de antecedentes de delitos de natureza sexual, de conformidade coa LO 1/1996 de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015.

Este certificado poderá solicitarse por Internet a través do enlace <http://www.mjusticia.gob.es/cs/Satellite/Portal/es/ciudadanos/tramitesgsetiones-personales/certificado-delitos> e obterse o mesmo día da súa solicitude si se tramita con certificado electrónico.

- Contratos de traballo e vida laboral actualizada.

- 5. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo de cinco días, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello, sinalarase un prazo de **dous días hábiles** para emenda. De non existir solicitudes de participación excluídas, a lista presentada ao remate do prazo de presentación de instancias, terá carácter definitivo.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de 3 días dende a finalización do prazo para presentación. Transcorrido devandito prazo sen que se ditara resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

Transcorrido o prazo de emenda pola Alcaldía, aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará na sede electrónica e no taboleiro de edictos do Concello.

- 6. TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

A súa composición axustarase ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e buscarase a paridade entre a muller e o home.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar os membros do tribunal conforme ó artigo 24 de dita Lei.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso, requírese a presenza do/da presidente/a e do/da secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto e limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran co tribunal.

Aos efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estarase ao disposto no Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que podan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas. Así mesmo, establecerá o nivel mínimo a esixir para superar as probas.

- 7. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO.

O procedemento de selección dos aspirantes será o concurso- oposición.

• FASE DE CONCURSO. Ata un máximo de 3 puntos

Só aos aspirantes que superen a oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente e que serán:

Méritos computables:

• Experiencia:

1.- Experiencia profesional en postos de traballo das mesmas ou similares características á do obxecto da convocatoria.

Ata un máximo de 2 puntos

— Por cada mes completo de servizos prestados nunha Administración Pública nun posto da mesma ou de similares características: 0,20 puntos.

— Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas nun posto da mesma ou de similares características: 0,10 puntos .

No se terán en conta á hora de efectuar a valoración os períodos inferiores ao mes de servizo.

Os méritos alegados acreditaranse mediante certificación expedida pola Administración onde se prestaron os servizos ou mediante informe da vida laboral ao que se lle deberán xuntar os oportunos contratos. Na dita documentación deberá quedar acreditado a equivalencia entre os postos desempeñados cos da presente convocatoria .

- **Formación:**

1- Cursos de formación sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por Administracións Públicas, Organismos Oficiais dependentes de calquera das administración públicas ou homologados por estas . **Ata un máximo de 1 punto**, de acordo coa seguinte escala :

- a) Por cada curso de ata 30 horas : 0,20 puntos .
- b) Por cada curso de ata 31 a 100 horas lectivas : 0,30 puntos .
- c) Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas : 0,50 puntos .
- d) Por cada curso de máis de 200 horas lectivas : 0,75 puntos .

No suposto de que non conste o número de horas do curso este valorarase con 0,10 puntos.

- a) **FASE DE OPOSICIÓN**

Ata un máximo de 10 puntos.

Exercicio escrito: Consistirá en contestar un exame tipo test de vinte preguntas a realizar nun tempo máximo de trinta minutos sobre cuestións relacionadas coas funcións propias do posto e co programa recollido no **anexo I**. Será preciso acadar 5 puntos para entender superada a proba.

Proba de galego: será obrigatorio a superación dun segundo exercizo escrito, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do Celga 2.

- **8. RELACIÓN DE APROBADOS.**

O resultado final do concurso oposición virá determinado pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición máis a obtida na fase de concurso, o que dará a puntuación total obtida no procedemento selectivo.

No suposto de empate na puntuación total de dous ou máis aspirantes, resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no primeiro exercicio da oposición e, se iso non fora suficiente, pola obtida nasegundo exercicio, e se aínda persistise, polo candidato que obtivese maior puntuación na fase do concurso, e se isto non fose posible, desempatarase mediante sorteo.

Finalizadas as probas selectivas, o tribunal fará pública a relación definitiva das puntuacións finais obtidas polos aspirantes que superaron a fase de oposición, pola orde da puntuación obtida, e só propondrá para a contratación ao candidato aprobado con maior puntuación. Esta proposta será remitida ao señor Alcalde para a formalización do contrato.

O tribunal non poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas que se convocan.

Non obstante o anterior, confeccionarase unha bolsa de emprego coa relación dos aspirantes que superaron os exercicios da fase de oposición e pola orde decrecente de puntuación total obtida, co obxecto de cubrir mediante contrato de duración determinada, no caso de que se precisase, nos supostos regulados no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado do traballo.

9. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

A persoa seleccionada deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello no prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir da publicación da lista de aprobados, a seguinte documentación:

- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.
- Certificado médico oficial.
- Número de conta bancaria
- Número de afiliación á seguridade social.

- **10. IMPUGNACIÓN.**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso- administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Lugo, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa).

ANEXO I

Tema 1.- Órganos de Goberno do municipio da Pastoriza. O Concello Pleno, a Xunta de Goberno Local. O Alcalde. Os Concelleiros.

Tema 2.- Prevención de Riscos Laborais inherentes ao posto para ocupar, os seus dereitos e obrigacións a cumprir segundo a Lei de Prevención de Riscos Laborais. Aspectos básicos de evacuación de edificios: Plans de actuación ante Emerxencias.

Tema 3.- Normas de atención ao público. Comunicación e atención á cidadanía, presencial e telefónica. A comunicación escrita (avisos, recados e carteis informativos) e documentos escritos (instancias e certificados).

Tema 4.- Nocións básicas en operacións de mantemento e conservación dos edificios municipais: fontanería, cerrallería, electricidade, carpintería, saneamento, calefacción e aire acondicionado.

Tema 5.- Tarefas a desempeñar por un conserxe escolar.

Tema 6.- A Pastoriza: rueiro, historia, arte, centros oficiais, de asistencia sanitaria, de urxencia, outros de interese histórico/artísticos; Vías de comunicación.

ANEXO II

CONCELLO DA PASTORIZA

I.- DATOS DA PRAZA Á QUE ME PRESENTO:

- i. DENOMINACIÓN:
- ii. RÉXIME XURÍDICO: PERSOAL LABORAL TEMPORAL

II.- DATOS PERSOAIS.

Nome e apelidos:

Dni:

Teléfono:

Domicilio a efectos de notificacións:

Municipio:

Provincia:

Código postal:

III.- MANIFESTO: que coñezo a convocatoria para cubrir de forma temporal a praza de conserxe.

IV.- DECLARO: que acepto as bases e que son certos os datos consignados na presente instancia de solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

v.- SOLICITO:

Teña por presentada a presente instancia de solicitude dentro do prazo conferido ao efecto e sexa admitido a fin de participar no proceso selectivo de concurso- oposición para a provisión de dito posto, para o que presento e asino a presente solicitude.

A Pastoriza,.... de..... de 2022

(Asinado)

Xúntanse os seguintes documentos:

- 1.....
- 2.....
- 3.....
- 4.....
- 5.....
- 6.....

A Pastoriza, 23 de agosto de 2022.- O Alcalde – Presidente, primitivo Iglesias Sierra.

R. 2408

VIVEIRO

Anuncio

Formulada la Cuenta General del Presupuesto de este Ayuntamiento correspondiente al ejercicio 2021 y dictaminada por la Comisión Especial de Cuentas en sesión celebrada el día 24 de agosto de 2022, se expone al público por el plazo de quince días hábiles, contados a partir del siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia, al objeto de que los interesados legítimos puedan examinarlas y formular por escrito los reparos y observaciones que estimen pertinentes durante el plazo indicado, de conformidad con lo preceptuado en el artículo 212.3 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

Viveiro, 24 de agosto 2022.- La Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 2426

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente: A/27/30419

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 3 de Junio de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a José Carlos López Pérez, la oportuna concesión para aprovechamiento de 1,401 l/s de agua procedente de tres pozos sitios en la parcela 283 del polígono 23, en el lugar de Escarlán, parroquia de Goián (San Miguel), en el término municipal de Sarria (Lugo) para usos domésticos y ganaderos.

Lugo, 7 de julio de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 2393

Anuncio

A/27/39160

COMISARÍA DE AGUAS

En esta Confederación Hidrográfica se ha formulado la siguiente petición:

ANUNCIO DE COMPETENCIA DE PETICIONES

NOMBRE DEL PETICIONARIO: CALA VERDE SANXILLO, SL

TIPO DE AUTORIZACIÓN: instalación de un pantalan en el río Miño (embalse de Os Peares) a la altura de la parcela 122 del polígono 44 de Piñarrostro, T.M. de Carballedo (Lugo).

CORRIENTE EN LA QUE SE UBICARÁN LAS OBRAS: río Miño (embalse de Os Peares)

COORDENADAS UTM ETRS 89 HUSO 29: x = 606.135, y = 4.704.909

TÉRMINO MUNICIPAL EN QUE RADICAN LAS OBRAS: Carballedo (Lugo)

De conformidad con el Artº. 75.c del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril y según lo dispuesto en el Artº. 105 de dicho Reglamento se abre el plazo de **UN MES**, a contar desde la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que el peticionario presente en esta Confederación Hidrográfica su petición concreta y el proyecto debidamente precintado, conforme a las prescripciones del Artº. 106 de dicho texto, admitiéndose también, durante este plazo, otras peticiones que tengan el mismo objeto que aquella o sean incompatibles con la misma.

El desprecintado de los documentos técnicos, a que se refiere el Artº. 107 del citado Reglamento, se realizará en las Oficinas de la Comisaría de Aguas de esta Confederación Hidrográfica, (Ronda da Muralla nº 131 – Lugo), a las **DOCE (12) HORAS** del primer día hábil después de los seis días de la conclusión del plazo de presentación de peticiones.

Del pago de este anuncio responde el peticionario.

Lugo, 19 de agosto de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 2394

Anuncio

A/27/39161

COMISARÍA DE AGUAS

En esta Confederación Hidrográfica se ha formulado la siguiente petición:

ANUNCIO DE COMPETENCIA DE PETICIONES

NOMBRE DEL PETICIONARIO: CALA VERDE SANXILLAO, SL

TIPO DE AUTORIZACIÓN: instalación de un pantalan en el río Miño (embalse de Os Peares) a la altura de la parcela 146 del polígono 44 de Piñarrostro, T.M. de Carballedo (Lugo).

CORRIENTE EN LA QUE SE UBICARÁN LAS OBRAS: río Miño (embalse de Os Peares)

COORDENADAS UTM ETRS 89 HUSO 29: x = 605.975, y = 4.705.168

TÉRMINO MUNICIPAL EN QUE RADICAN LAS OBRAS: Carballedo (Lugo)

De conformidad con el Artº. 75.c del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril y según lo dispuesto en el Artº. 105 de dicho Reglamento se abre el plazo de **UN MES**, a contar desde la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, para que el peticionario presente en esta Confederación Hidrográfica su petición concreta y el proyecto debidamente precintado, conforme a las prescripciones del Artº. 106 de dicho texto, admitiéndose también, durante este plazo, otras peticiones que tengan el mismo objeto que aquella o sean incompatibles con la misma.

El desprecintado de los documentos técnicos, a que se refiere el Artº. 107 del citado Reglamento, se realizará en las Oficinas de la Comisaría de Aguas de esta Confederación Hidrográfica, (Ronda da Muralla nº 131 - Lugo), a las **DOCE (12) HORAS** del primer día hábil después de los seis días de la conclusión del plazo de presentación de peticiones.

Del pago de este anuncio responde el peticionario.

Lugo, 19 de agosto de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 2395

Anuncio

Expediente: A/27/27236

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 9 de junio de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a José González Sandamil, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,06 l/s de agua procedente de un manantial, en el paraje de Chousa de Xogente, lugar de Fonte dos Poios, parroquia de Penarrubia (Santa María), término municipal de Baralla (Lugo) para usos domésticos y ganaderos en el lugar de O Latadal, parroquia de Furís (San Estevo), término municipal de Castroverde.

Lugo, 8 de julio de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

2396

Anuncio

Expediente: A/27/28177

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 3 de junio de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Ramón Arias Sánchez, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,035 l/s de agua procedente de un manantial situado en la parcela catastral 456 del polígono 18, en el lugar de Bustelo, parroquia de Vilouzán (Santo Estevo), término municipal de Lán cara (Lugo) para usos domésticos y ganaderos.

Lugo, 8 de julio de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 2397

*Anuncio***Expediente: A/27/35112**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 9 de junio de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a CVMC La Conchada, la oportuna concesión para aprovechamiento de agua procedente de un manantial, en la parroquia de Nocedo (San Lourenzo), en el término municipal de Quiroga (Lugo), para extinción de incendios.

Lugo, 11 de julio de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 2398